


E3: Economía do Coñecemento.	333.093.419	3,7 %	100,0 %
OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	134.738.727	1,5 %	40,5 %
OE02 Modernizar e Promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos productivos, sociais e dos servizos públicos	198.354.692	2,2 %	59,5 %



As Fontes de financiamento do orzamento deste Eixe estratéxico son:

E3: Economía do Coñecemento	333.093.419	
Orzamentos Xerais da C.A.	298.871.401	89,73%
FCI	4.795.232	1,44%
FEDER	17.546.135	5,27%
Orzamentos Xerais do Estado	6.158.555	1,85%
FEADER	1.479.561	0,44%
INTERREG	208.806	0,06%
FSE	3.736.903	1,12%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	141.028	0,04%
OUTRAS INICIATIVAS	155.798	0,05%

### III.3.1. OE 1: Construír unha sociedade competitiva baseándose na investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e na innovación empresarial, como garantía de crecemento

A relación universidade-empresa evolucionou positivamente en España e en Galicia, pero sen chegar a ser aínda pedra angular da innovación e da economía do coñecemento. Polo tanto, incrementar os procesos de innovación, racionalizar o esforzo público, implicar en maior medida ás universidades na colaboración coas empresas innovadoras, e adoptar as medidas que incentiven e promovan os recursos que as empresas galegas lle dedican á I+D+i resumen este obxectivo estratéxico para avanzar nunha sociedade innovadora.

Xa no terreo propio da Administración, compre destacar o interese pola investigación en campos de interese social como a sanidade, educación ou o medio ambiente coa finalidade de desenvolver criterios, procedementos e sistemas de xestión que ordenen os recursos dedicados á I+D+i e que melloren os servizos aos cidadáns.

O obxectivo estratéxico OE01, relativo á I+D representa o 40,5% do Eixe, e o 1,5% respecto do total do PEG, presentando un importe no orzamento de 134,7 millóns de euros.

Este obxectivo desenvolverase a través de proxectos encadrados nos programas de gasto:

Programas de Gasto	Importe
422C ENSINANZAS UNIVERSITARIAS	16.877.501
561A PLAN GALEGO DE INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E CRECIMENTO	69.734.680
561B INVESTIGACIÓN UNIVERSITARIA	46.406.321
561C INVESTIGACIÓN SANITARIA	1.720.225

Os responsables de levar a cabo as actuacións encamiñadas a lograr este obxectivo son:

Xestores do PEG
<b>08-CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA</b>
02-D.X. DE INVEST., DESENVOLV. E INNOV.
<b>09-CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORD. UNIV.</b>
02-S.X. DE UNIVERSIDADES
<b>10-CONSELLERÍA DE SANIDADE</b>
103-SERGAS
<b>13-CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL</b>
04-D.X. DE INNOVACIÓN E INDUSTRIAS AGRARIAS
05-D.X. DE MONTES
409-INST. GALEGO DE CALIDADE ALIMENTARIA
<b>14-CONSELLERÍA DO MAR</b>
01-SECRETARIA XERAL TECNICA
04-D.X. DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

As medidas do Plan Estratéxico de Galicia que se van a realizar no ano 2012 son:

E3: Economía do Coñecemento.	Importe	%
<i>OE01 Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento</i>	134.738.727	
M01 Reforzar a investigación no ámbito universitario galego, na verquente da investigación básica e na súa aplicación aos procesos empresariais	63.283.822	47,0 %
M02 Creación e desenvolvemento de centros tecnolóxicos, centros de competencia, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas	7.605.278	5,6 %
M03 Fomento da I+D+i empresarial e da investigación aplicada priorizando as iniciativas de cooperación empresarial	47.434.129	35,2 %
M06 Potenciar a investigación no ámbito sanitario	333.000	0,2 %
M99 Soporte xeral - Construír unha sociedade competitiva baseándose na Investigación e o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación empresarial, como garantía de crecemento	16.082.498	11,9 %

As Fontes de financiamento do orzamento deste Obxectivo estratéxico son:

Fontes de financiamento	Importe	%
Orzamentos xerais da C.A.	120.655.385	89,55%
FCI	1.065.626	0,79%
FEDER	4.262.504	3,16%
Orzamentos xerais do Estado	3.167.907	2,35%
FEADER	1.479.561	1,10%
INTERREG	74.015	0,05%
FSE	3.736.903	2,77%
OUTROS FONDOS EUROPEOS	141.028	0,10%
OUTRAS INICIATIVAS	155.798	0,12%

Este obxectivo artículase en torno ao Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015, que potencia a interrelación entre os axentes do sistema de innovación mediante os aceleradores que propoñen os programas estatais e internacionais de financiamento da I+D+i, comprendendo os seguintes obxectivos:

○ establecemento de políticas activas tendentes a reequilibrar o sistema público-privado de I+D+i mantendo o apoio estrutural á investigación básica, pero impulsando á súa vez a transferencia de tecnoloxía, a creación de empresas de base tecnolóxica, a modernización dos sectores tradicionais mediante procesos de tecnificación e o desenvolvemento de novos sectores con potencial de crecemento que exploten capacidades tecnolóxicas existentes.

Facilitar a eficiencia en resultados do sistema galego de innovación a través dun sistema de indicadores de impacto contrastable.

Desenvolvemento de políticas públicas para a xestión de talento que permita incrementar o rendemento innovador das empresas e do conxunto do sistema galego de

innovación.

Desenvolvemento de políticas públicas orientadas á valorización do coñecemento desenvolto nos diferentes axentes do sistema galego de creación de coñecemento (empresas, centros tecnolóxicos e centros de investigación de Galicia).

Liderar as políticas de innovación dentro das administracións galegas.

A Medida destinada a reforzar a investigación no ámbito universitario galego é a de maior importe, xa que cun orzamento de 63,3 millóns de euros absorbe case a metade do obxectivo estratéxico (47%).

A liña condutora desta medida consiste na potenciación das estruturas de I+D+i do Sistema Universitario Galego (SUG), cunha finalidade de potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación (I+D+i) e na sociedade da información e do coñecemento.

De cara á consolidación e reforzamento do conxunto de investigadores e recursos científicos que ten a Universidade galega, na que co desenvolvemento de diversos centros docentes e de investigación en Galicia propiciouse a existencia actual dun importante capital humano e técnico, cunha situación altamente competitiva no que se refire á investigación, conxugando intereses públicos e privados e xerando unha relación moi produtiva entre a investigación e o desenvolvemento. Por isto se definen como finalidades:

Integrar as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dispoñibles en Galicia.

Potenciar as áreas de alta competencia investigadora de Galicia.

Optimizar un investimento racional en grandes infraestruturas e equipamentos.

Para lograr os fins descritos, establecemos como obxectivos:

Potenciar unha organización máis eficiente da investigación na universidade, a través da consolidación de grupos, institutos e outras estruturas, incluídas as mixtas con outras entidades públicas ou privadas, para posibilitar a xeración de unidades con masa crítica competitiva e incrementar a efectividade na produción e posta en valor do coñecemento.

Incrementar a presenza da investigación galega no contexto nacional e internacional.

Potenciar a transferencia dos resultados da investigación do SUG.

Promover a dotación de espazos e servizos tecnolóxicos e de innovación que favorezan a interacción cos axentes económicos e sociais.

As actuacións máis destacadas das consignadas nos proxectos de gasto son:

Axudas a investigadores e técnicos para a contratación de investigadores e tecnólogos, que xunto coa incentivación da incorporación de investigadores e intensificación da actividade investigadora e os contratos predoutorais, estímase que haberá 15 contratacións de investigadores e un emprego asociado de persoas participantes nos proxectos de 274 investigadores.

A Medida destinada a potenciar os centros tecnolóxicos, centros de transferencia científica e plataformas tecnolóxicas, presenta un importe no orzamento de 7,6 millóns de euros, no que entre as actuacións que figuran nos proxectos de gasto, se sinalan as seguintes:

En primeiro lugar, as liñas de axuda para mellora das infraestruturas, renovación e adecuación de instalacións e equipamento científico-técnico de investigación pública de I+D e de centros tecnolóxicos, de carácter transversal; xunto as transferencias concretas ás fundacións públicas de Fomento da calidade e Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia, e a Fundación CESGA, para desenvolver o seu potencial investigador e de apoio aos proxectos de transferencia tecnolóxica.

No ámbito sectorial, no eido agroalimentario e mar- industria, figuran as transferencias ao Instituto Galego de Calidade Alimentaria (InGaCal) e do Centro Tecnolóxico da Carne, coa finalidade de favorecer o desenvolvemento do sector agrícola, gandeiro, forestal e agroalimentario galegos, e fomentar a investigación e o desenvolvemento en materia cárnica, garantindo os máis altos estándares de calidade e seguridade alimentaria, preténdese utilizar a I+D+i como vía para impulsar a innovación nas empresas do sector que permita o aproveitamento da gran diversidade e potencial do agro galego.

No tocante ao mar, a labor de investigación busca solucionar os problemas concretos que presenta o sector relativos aos aspectos biolóxicos que mediatizan o seu desenvolvemento (taxas de mortalidade, planes de cultivo, explotación de novas especies,...). Así mesmo, búscase transferir ao sector produtivo a tecnoloxía acadada (produción de semente, cultivo en miniciadoiros,...).

Coa finalidade de incrementar os recursos humanos dedicados a actividades de I+D+i nas áreas de maior interese, así como fomentar a captación de talentos, se estima que se contraten 10 investigadores e tecnólogos nas fundacións anteriormente designadas e noutros Entes de dereito público.

Así mesmo, desenvolveranse catro proxectos (PROSEC, ECREIN, LEADERA e Extrusionic- Matera) incluídos na actuación de promoción de masa crítica e complementariedade en ámbitos de investigación innovadores e capacidade científico-tecnolóxica pouco articulada en Galicia, promovendo unha xestión eficiente do coñecemento e a capacidade de transferencia.

A medida destinada ao fomento da I+D+i nas empresas e da investigación aplicada, priorizando as iniciativas de cooperación empresarial, presenta un orzamento de 47,4 millóns de euros, a segunda en importe deste obxectivo estratéxico, destacando a continuación as actuacións máis salientables:

A creación da Rede Xiga de axentes de innovación e incorporación de axentes a empresas como técnicos de apoio para innovación, ten plasmación orzamentaria a través dunhas bolsas e contratos para formación en I+D en empresas, coas que se estima se contraten 20 axentes de innovación.

Desenvolveranse 10 novos produtos, a través dunha liña de axudas ás empresas para a cooperación no desenvolvemento de novos procesos e tecnoloxías.

Para o apoio ao financiamento de proxectos de investigación industrial, desenvolvemento experimental e innovación realizados por empresas galegas, a Consellería de Economía e Industria dotará un fondo de capital risco para investimentos en I+D, cun importe de 20 millóns de euros, co que se estima se preste axuda a 30 empresas.

O Instituto Galego de Calidade Alimentaria, promoverá diversos proxectos na mellora de xestión, control e certificación, e o proxecto SERAGRO, cos que estima apoiar 3 novos produtos en desenvolvemento (pemento de Arnoia e Oímbra, nova marca de garantía relacionada cos produtos hortícolas e a posibilidade de realizar a certificación dos produtos alimentarios artesanais), xunto a un proxecto do Centro tecnolóxico da carne.

No apartado de Proxectos de I+D+i en cooperación con empresas, figuran no orzamento sendos proxectos de transferencia: un de cooperación con LEYMA sobre o leite de vaca rico en compoñentes funcionais obtidos de xeito natural mediante alimentación natural, e outro coa Asociación Nacional de Pescados y Mariscos ANFACO, sobre residuos de algas de arribazón.

No tocante á investigación no ámbito sanitario, estímase involucrar ao Instituto de Investigación Sanitaria e a 3 centros de I+D+i, no desenvolvemento de 5 novos proxectos coa finalidade de obter sendas patentes.

### *III.3.2. OE 2: Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, sociais e dos servizos públicos.*

A desaparición da fenda dixital que separa Galicia das rexións máis desenvolvidas é un obxectivo transversal. As TIC deben desempeñar un papel importante como instrumento de compensación dos desequilibrios territoriais de Galicia. O Plan Estratéxico Tecnolóxico Global da Xunta de Galicia -a denominada Axenda Dixital de Galicia 2014- supón a definición do modelo xeral de organización das TIC na Xunta de Galicia, que lles dará resposta aos novos criterios estratéxicos, orgánicos e funcionais. Así mesmo, identifica as liñas estratéxicas de desenvolvemento dos sistemas de información, das redes